

Venres, 5 de abril de 2024

Núm. 67

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### VIGO

#### Persoal, oposicións

*ADXUDICACIÓN DA PROVISIÓN TEMPORAL DO POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE RR HH, NA ÁREA DE RR.HH E FORMACIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE COMISIÓN DE SERVIZOS (EXPTE. 43424/220)*

#### ANUNCIO

*A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 21 de marzo de 2024, adoptou a seguinte resolución:*

“PRIMEIRO.— Resolver a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante de “técnico/a de organización e xestión de recursos humanos”, cód. 076 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, autorizada por resolución administrativa de data 11/01/2024, e publicada no BOPPO nº 12, do 17 de xaneiro do 2024, nos termos do informe-proposta que antecede e do informe de fiscalización previa e preceptiva, de carácter favorable, emitido pola Intervención Xeral Municipal.

SEGUNDO.— Nomear con cargo ao posto de traballo vacante de “técnico/a de organización e xestión de recursos humanos”, cód. 076 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, á funcionaria de carreira do Concello de Vigo D<sup>a</sup> R. M. Otero Malvárez, con DNI \*6\*6\*\*36P, visto o informe favorable de data de sinatura electrónica 08/03/2024 (trámite 42 do expediente) emitido pola xefatura do servizo de destino actual e conformada pola Concellería da Área de Goberno competente, sendo a duración da comisión de servizos que pola presente se autoriza a contemplada na normativa vixente (1 ano prorrogable por outro ano); estando determinado o posto de traballo obxecto de provisión temporal para ser definitivamente cuberto polo sistema de concurso ordinario.

TERCEIRO.— Dispoñer que a presente comisión de servizos temporal terá efectos económicos e administrativos dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos do establecido no apartado anterior.

CUARTO.— Notificar a presente resolución ás persoas concorrentes á convocatoria pública de provisión temporal tramitada en expediente nº 43.424/220, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Emprego, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.



Venres, 5 de abril de 2024

Núm. 67

QUINTO.— Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para coñecemento, ordenando a publicación da resolución da convocatoria na Intranet municipal, Taboleiro de anuncios e edictos e boletíns para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, nos supostos, términos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpuxo o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

/ALP

Vigo, data da sinatura electrónica.

A Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.— María Dapena Gómez.

Conforme:

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023).— María Olga Alonso Suárez.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).— Patricia Rodríguez Calviño.

